



Guía Docente				
Datos Identificativos				2016/17
Asignatura (*)	Prácticum 3	Código	750G02035	
Titulación	Grao en Podoloxía			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Cuarto	Obrigatoria	12
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Ciencias da Saúde			
Coordinación	Mosquera Fernandez, Abian	Correo electrónico	abian.mosquera.fernandez@udc.es	
Profesorado	Becerra Noal, Saleta Bernabeu Pena, Carolina Carballo Díaz, Juan Luis Garcia De Castro, Ricardo López Martínez, Noemia Zeltia Martínez Vázquez, María Mosquera Fernandez, Abian Pérez García, Sergio Souto Rey, Victoriano	Correo electrónico	saleta.becerra@udc.es carolina.bernabeu@udc.es juan.carballo1@udc.es ricardo.garcia.decastro@udc.es zeltia.lopezm@udc.es maria.martinez.vazquez@udc.es abian.mosquera.fernandez@udc.es sergio.perez.garcia@udc.es victoriano.souto.rey@udc.es	
Web	moodle.udc.es			
Descrición xeral	Durante a realización do Prácticum 3 o alumno/a asume o último bloque das súas prácticas pre-profesionais. Estas prácticas desenvólvense na Clínica Universitaria de Podoloxía (CUP) e no Servizo de Cirurxía Ortopédica e Traumatoloxía (COT) do Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol co fin de que o alumno/a incorpore á súa formación as competencias fundamentais e os valores profesionais para o exercicio da súa profesión. O bloque práctico supón unha participación activa do alumno/a en o proceso asistencial sempre baixo supervisión do profesorado. Durante as mesmas poderanse desenvolver outras actividades en forma de seminario ou sesións clínicas nas que se abordarán contidos e competencias relacionadas coa práctica clínica como o estudo e discusión de casos, interpretación de probas complementarias ou realización de informes. Antes do inicio das prácticas clínicas porase a disposición do alumno/a un anexo a esta guía na que se detallarán aspectos relacionados coa planificación, a metodoloxía e a avaliación da materia.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A33	Coñecer e obter habilidades na aplicación das técnicas podolóxicas de cirurxía ungueal, de cirurxía podolóxica de partes brandas, de cirurxía ósea e articular do pé.
A36	Integrar e aplicar na práctica clínica podolóxica os coñecementos adquiridos durante la carrera, nas Clínicas podolóxicas universitarias e centros acreditados.
A37	Protocolizar e aplicar o método clínico en podoloxía.
A38	Realizar a historia clínica podolóxica e rexistrar a información obtida.
A39	Desenvolver as técnicas de exploración física.
A40	Desenvolver a habilidade de realizar as actividades radiolóxicas propias da podoloxía.
A41	Interpretar os resultados das probas complementarias e a racionalización do seu uso.
A42	Emitir un diagnóstico e pronóstico.
A43	Deseñar o plan de intervención integral ou tratamento podolóxico.
A44	Deseñar planes de intervención específicos para o tratamento do pé de risco: diabético, neurolóxico e vascular.
A45	Desenvolver a capacidade de establecer protocolos, executalos e avalialos.
A46	Desenvolver a habilidade e destreza no uso do instrumental, material e maquinaria empregados para a confección e aplicación de tratamentos podolóxicos.
A47	Aplicar as medidas de resucitación e reanimación en casos de emerxencia.



A48	Desenvolver as habilidades sociais para a comunicación e o trato co paciente e outros profesionais.
A49	Establecer intercambio de información cos distintos profesionais e autoridades sanitarias implicadas na prevención, promoción e protección da saúde.
A50	Prescribir, administrar e aplicar tratamentos farmacolóxicos, ortopodolóxicos, físicos e quirúrxicos.
A51	Elaborar e interpretar informes clínicos.
A52	Avaliar os resultados obtidos do proceso de atención podolóxica.
A53	Adquirir capacidade na xestión clínica dos servizos de podoloxía.
A54	Manter actualizados os coñecementos, habilidades e actitudes.
A55	Garantir a calidade asistencial na práctica da podoloxía.
A60	Integrar os coñecementos, habilidades, destrezas, valores e actitudes adquiridos durante o itinerario curricular do alumno.
A62	Adquirir habilidades de traballo en equipo como unidade na que se estruturan de forma uni ou multidisciplinar e interdisciplinar os profesionais e demais persoal relacionados coa prevención, avaliación diagnóstica e tratamento podolóxico.
A64	Identificar e integrar a práctica profesional desde o respecto á autonomía do paciente; describir os elementos propios do manexo da documentación clínica con especial atención ós aspectos de confidencialidade; identificar os criterios básicos de xestión clínica, economía da saúde e uso eficiente dos recursos.
B1	Aprender a aprender.
B2	Resolver problemas de forma efectiva.
B3	Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo.
B4	Traballar de forma autónoma con iniciativa.
B6	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional.
B7	Comunicarse de maneira efectiva nun entorno de traballo.
B11	Coñecementos de informática relativos ó seu ámbito de estudo.
B12	Capacidade de xestión da información.
B14	Implicación na calidade e busca da excelencia.
B16	Capacidade de organización e planificación do tempo e o traballo.
B17	Capacidade de motivarse e motivar a outros.
B18	Capacidade para comunicarse con persoas non expertas na materia.
B19	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica.
B21	Habilidades interpersonais.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
	O alumno/a integra e aplica na práctica clínica podolóxica os coñecementos adquiridos durante todos os seus estudos nas clínicas podolóxicas universitarias e centros acreditados.	A36	B19
Protocoliza e aplica o método clínico en podoloxía	A60		
Realiza a historia clínica podolóxica e rexistra a información obtida.	A37		
Desenvolve as técnicas de exploración física.	A38		
Desenvolve a habilidade de realizar as actividades radiolóxicas propias da podoloxía.	A39		
Interpreta os resultados das probas complementarias e a racionalización do seu uso.	A40		
Emite un diagnóstico e prognóstico.	A41	B12	
	A42		



Deseña o plan de intervención integral ou tratamento podolóxico.	A43 A62 A64		
Deseña plans de intervención específicos para o tratamento do pé de risco: diabético, neurolóxico e vascular.	A44 A62		
Desenvolve a capacidade de establecer protocolos, executalos e avalialos.	A45	B4 B17	
Desenvolve a habilidade e destreza no uso do instrumental, material e maquinaria empregados para a confección e aplicación de tratamentos podolóxicos.	A46		
Desenvolve as habilidades sociais para a comunicación e o trato co paciente e outros profesionais. Establece intercambio de información cos distintos profesionais e autoridades sanitarias implicadas na prevención, promoción e protección da saúde.	A47		
Aplica as medidas de resucitación e reanimación en casos de emerxencia.	A48 A49	B7 B21	C1
Prescribe, administra e aplica tratamentos farmacolóxicos, ortopodolóxicos, físicos e cirúrxicos.	A50		
Elabora e interpreta informes clínicos.	A51	B7 B12	
Avalía os resultados obtidos do proceso de atención podolóxica.	A52	B14	C4
Adquirir capacidade na xestión clínica dos servizos de podoloxía.	A53	B11 B12 B16	
Manter actualizados os coñecementos, habilidades e actitudes.		B1 B3 B14	C6
Garante a calidade asistencial na práctica da podoloxía.	A55	B6	C4 C6
O alumno/a é capaz de seleccionar información, analizala e avaliala para redactar, expor e defender un informe científico.		B2 B18	C3
Coñecer e obter habilidades na aplicación das técnicas podolóxicas de cirurxía ungueal, de cirurxía podolóxica de partes brandas, de cirurxía ósea e articular do pé.	A33 A54		C7 C8

Contidos	
Temas	Subtemas



<p>Na materia Prácticum 3 o alumno/a aplica os coñecementos teóricos adquiridos nas diferentes materias do título á práctica clínica, garantindo un proceso integral de atención podolóxica ao paciente que inclúa todos os aspectos clínicos, documentais e legais. Por iso, todos os contidos teóricos e teórico-prácticos da titulación impartidos ata o 2º cuatrimestre do 4º curso de grao así como os impartidos simultaneamente son relevantes para a práctica clínica e de obrigado coñecemento, feito que debe ser tido en conta polo alumno/a efectos de que o seu coñecemento e actualización serán elementais para poder desenvolver as prácticas clínicas e garantir a adquisición das competencias formando parte da avaliación continua e final da práctica clínica.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Método clínico en podoloxía.</li> <li>-Historia clínica podolóxica: rexistro da información obtida.</li> <li>-Técnicas de exploración física.</li> <li>-Actividades radiolóxicas propias da podoloxía.</li> <li>-Probas complementarias e a racionalización do seu uso.</li> <li>-Diagnóstico e prognóstico.</li> <li>-Plan de intervención integral ou tratamento podolóxico.</li> <li>-Plans de intervención específicos para o tratamento do pé de risco: diabético, neurolóxico e vascular.</li> <li>-Protocolos: execución e avaliación.</li> <li>-Uso do instrumental, material e maquinaria empregados para a confección e aplicación de tratamentos podolóxicos.</li> <li>-Medidas de resucitación e reanimación en casos de emerxencia.</li> <li>-Habilidades sociais para a comunicación e o trato co paciente e outros profesionais.</li> <li>-Intercambio de información cos distintos profesionais e autoridades sanitarias implicadas na prevención, promoción e protección da saúde.</li> <li>-Prescrición, administración e aplicación tratamentos farmacolóxicos, ortopodolóxicos, físicos e cirúrxicos.</li> <li>-Elaboración e interpretación de informes clínicos.</li> <li>-Avaliación dos resultados obtidos do proceso de atención podolóxica.</li> <li>-Capacidade na xestión clínica dos servizos de podoloxía.</li> <li>-Actualización dos coñecementos, habilidades e actitudes.</li> <li>-Calidade asistencial na práctica da podoloxía.</li> <li>-Utilización elementos de documentación, estatística, informática e os métodos xerais de análises epidemiolóxicas</li> </ul>
---	--

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Prácticas clínicas	A33 A36 A37 A38 A39 A40 A41 A42 A43 A44 A45 A46 A47 A48 A50 A51 A52 A53 A55 A60 A62 A64 B2 B3 B4 B6 B7 B11 B14 B16 B17 B18 B19 B21 C1	240	0	240
Portafolios do alumno	A49 B1 B12 C3 C4 C6 C7 C8	0	50	50
Proba obxectiva	A36 A37 A38 A39 A40 A41 A42 A43 A44 A45 A46 A47 A48 A49 A50 A51 A52 A53 A54 A55 A60 A62 A64	2	6	8
Atención personalizada		2	0	2

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado



Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Prácticas clínicas	<p>As prácticas clínicas supoñen a participación gradual e supervisada do alumno/a en o proceso de atención podolóxica integral aos pacientes atendidos nos diferentes servizos da CUP e as prácticas externas nos Servizos do Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol. O alumno/a participará de forma activa, sempre baixo supervisión, en todo o proceso de atención clínica: a xestión de datos clínicos; a exploración física e a xestión de probas complementarias e interpretación das mesmas; o diagnóstico, a prescrición, indicación, obtención e/ou aplicación dos diferentes tratamentos, así como o seguimento das afeccións tratadas e a súa evolución. Do mesmo xeito sempre que sexa posible participará nas sesións clínicas que leven a cabo nos diferentes Servizos.</p> <p>A asistencia ás prácticas clínicas é obrigatoria.</p> <p>A ausencia a ditas prácticas só estará xustificada no caso de producirse algunha das seguintes causas, debidamente acreditada (con xustificante con data do mesmo día da ausencia que deberá de ser entregado antes de pasados 10 días da ausencia na administración da CUP), enfermidade ou lesión que incapacite para a realización da práctica, falecemento dun familiar ata o segundo grao, citación xudicial que coincida coa data da práctica, asistencia a unha sesión do Claustro ou do Consello de Goberno da UDC que coincida coa data da práctica, o/a estudante terá dereito a non recuperala ata un máximo de 5 prácticas, un número maior de faltas xustificadas ou a existencia de faltas inxustificadas pode supor o suspenso da materia.</p> <p>A fin de permitir a formación complementaria do alumno dentro das mesmas tamén poderán recoñecerse como tales prácticas a asistencia a actividades de relevancia e interese para a titulación. Da participación en tales actividades deberase de entregar o certificado de asistencia antes de que pasen 10 días desde a súa celebración e comunicando a intención de asistir con polo menos 10 días de antelación ao profesor que lle corresponda impartir a docencia ese día e ao coordinador da materia. Entre estas actividades das que se poden recoñecer un máximo de 4 ausencias a prácticas son:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>-Congreso nacional de Podoloxía</li><li>-Xornadas galegas de Podoloxía</li><li>-Congresos internacionais de Podoloxía</li><li>-Congreso de estudantes de Podoloxía</li><li>-Xornadas Laboralia</li><li>-Outras actividades que poidan ser valoradas polos docentes da materia</li></ul> <p>Todo o alumnado debe asistir a prácticas incorporándose ao grupo que lle foi asignado e dado que a asistencia é diaria non existe posibilidade de cambio de prácticas.</p> <p>Existirán follas de control de asistencia nas que o alumno/a debe de asinar ao entrar en prácticas no mostrador de administración (estarán dispoñibles de 16:00 a 16:15h). A firma é a garantía da asistencia do alumno/a a práctica polo que a ausencia desta poderase entender como unha falta á práctica clínica. Calquera falta xustificada debe de documentarse adecuadamente coa causa e datas do día e entregarse ao persoal de administración da CUP antes de pasados 10 días desde a ausencia. A puntualidade na asistencia a prácticas é de obrigado cumprimento polo que se rexistrará calquera hora de chegada posterior ás 16:15h. As faltas de puntualidade serán penalizadas podendo chegar a supor o suspenso da materia.</p> <p>Todo procedemento e tratamento será supervisado polo docente responsable de cada práctica. E tras a mesma será este quen estableza o prazo de próximas visitas e/ou revisións.</p> <p>Durante todas as prácticas o alumno/a deberá de levar pixama e calzado sanitario branco, así como bolígrafo e lentes de protección. Do mesmo xeito deberán de respectarse as normas da CUP (<a href="http://www.enfermeriaypodologia.com/podologia/cup/normas-cup/">http://www.enfermeriaypodologia.com/podologia/cup/normas-cup/</a>), a lexislación vixente e o Código Deontolóxico de Podoloxía muy especialmente en lo que al secreto profesional se refiere.</p>
Portafolios do alumno	Toda a información relativa á elaboración e avaliación do portafolio facilitarase no anexo á guía docente que se entregará ao alumno/ao día da presentación da materia



Proba obxectiva	<p>Realizarase un exame final individual no que se avaliará calquera das competencias a adquirir detalladas neste programa. Este exame será de carácter práctico-clínico sen esquecer a base da aplicación da teoría á práctica e será elaborado en consenso polo conxunto dos profesores que de cada Servizo da CUP. O tipo e planificación do exame detallarase polo menos 15 días antes á data oficial de exame aprobada en Xunta de Facultade.</p> <p>O exame constará de dous partes unha correspondente ao Servizo de Quiropodoloxía e Cirurxía e outra correspondente ao Servizo de Patoloxía mecánica e tratamentos físicos e ortopodolóxicos para superar o exame e a materia será necesario obter unha cualificación de aprobado en cada unha das partes.</p> <p>A porcentaxe global de cada apartado de probar obxectiva será: Exame de Quiropodoloxía e Cirurxía (20%); Exame de Patomecánica-Ortopodoloxía (20%)</p>
-----------------	---

## Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Portafolios do alumno	<p>A atención personalizada que se describe en relación a estas metodoloxías concíbese como momentos de traballo co profesor de forma presencial ou virtual.</p> <p>A forma e o momento en que se desenvolverá a atención personalizada correspondente a cada actividade indícarase ao longo do curso segundo o plan de traballo da materia.</p>

## Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Proba obxectiva	A36 A37 A38 A39 A40 A41 A42 A43 A44 A45 A46 A47 A48 A49 A50 A51 A52 A53 A54 A55 A60 A62 A64	<p>Realizarase un exame final individual no que se avaliará calquera das competencias a adquirir detalladas neste programa. Este exame será de carácter práctico-clínico sen esquecer a base da aplicación da teoría á práctica e será elaborado en consenso polo conxunto dos profesores que de cada Servizo da CUP. O tipo e a planificación do exame detallarase polo menos 15 días antes á data de exame.</p> <p>O exame constará de dous partes unha correspondente ao Servizo de Quiropodoloxía e Cirurxía e outra correspondente ao Servizo de Patoloxía mecánica e tratamentos físicos e ortopodolóxicos para superar o exame e a materia será necesario obter unha cualificación de aprobado en cada unha das partes.</p> <p>A porcentaxe global de cada apartado de probar obxectiva será: Exame de Quiropodoloxía e Cirurxía (20%); Exame de Patomecánica-Ortopodoloxía (20%)</p>	40



Prácticas clínicas	A33 A36 A37 A38 A39 A40 A41 A42 A43 A44 A45 A46 A47 A48 A50 A51 A52 A53 A55 A60 A62 A64 B2 B3 B4 B6 B7 B11 B14 B16 B17 B18 B19 B21 C1	<p>A avaliación da práctica clínica consistirá nunha avaliación do grao de adquisición por parte do alumno das competencias a desenvolver neste Prácticum . A cualificación final obterase da recollida dos coñecementos, habilidades e actitudes que cada profesor recollerá nas prácticas supervisadas do seu Servizo.</p> <p>A porcentaxe global de cada Servizo é:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>-Quiropodoloxía-Cirurxía (16%)</li><li>-Patomecánica-Ortopodoloxía (16%)</li><li>-Servizo COT (4%)</li><li>-Outros Servizos hospitalarios (4%)</li></ul> <p>É necesario superar cada apartado (5/10) da avaliación para superar as prácticas clínicas e a materia.</p> <p>Para a avaliación continua das prácticas clínicas avaliaranse os seguintes ítems nunha ficha individual por alumno/a:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>-Capacidade de expresión e comunicación co paciente, compañeiros e resto do persoal.</li><li>-Co paciente valorarase especialmente a capacidade de expresión e comunicación en todo o proceso de atención clínica, desde a anamnesis ata a prescrición terapéutica</li><li>-Coñecemento profesional na toma de decisións de exploración, diagnóstico, racionalización das probas complementarias, diagnóstico e manexo terapéutico</li><li>-Habilidade na utilización de instrumental, material e maquinaria para a aplicación, administración e fabricación de tratamentos</li><li>-Capacidade de iniciativa, traballo, responsabilidade, organización e planificación</li><li>-Asistencia, puntualidade, interese e colaboración no traballo.</li></ul>	40
Portafolios do alumno	A49 B1 B12 C3 C4 C6 C7 C8	<p>Avaliaranse todas as actividades individuais ou en grupo que se programaron na planificación e metodoloxía do portafolio. Toda a información relativa á avaliación do portafolio detallareise o día da presentación da materia.</p>	20

### Observacións avaliación



Condições a ter en conta para superar o Prácticum 3: 1) É obrigatorio asistir ao 100% das prácticas clínicas.

O alumno que falte aínda de forma xustificada a un número de prácticas maior ao 10% (5 faltas) poderá supor un suspenso na materia debendo de matricularse no seguinte curso académico. En calquera caso un número de faltas ás prácticas superior ao 30% suporá automaticamente a cualificación de "Non Presentado" no conxunto da materia tanto para a primeira como para a segunda oportunidade, debendo de matricularse no seguinte curso académico.

2) Para superar a materia será necesario aprobar cada un dos apartados da avaliación e obter unha cualificación global mínima de 5 sobre 10. Os alumnos que non superen a puntuación mínima ou se presenten ao exame individual na convocatoria de maio terán opción a facelo na convocatoria de xullo. No mes de xullo non hai opción a recuperar ningunha outra parte da materia polo que si está suspensa o alumno/a estará suspenso no Prácticum 3 debendo de matricularse no seguinte curso académico.

3) Calquera falta grave de disciplina ou comportamento cos doentes, compañeiros, profesorado ou persoal da CUP, así como faltas reiteradas ás normas de funcionamento da CUP, do segredo profesional e da lexislación sanitaria vixente, será sometida a avaliación polo claustro de profesorado da materia, previo informe da situación desencadeada, e pode supor o suspenso automático no Prácticum 3.

- Falar e permanecer nos corredores ou en recepción.
- Utilizar o teléfono móbil durante as prácticas.
- escoitar música durante as prácticas.
- Realizar fotos ou gravacións con dispositivos que non pertencen á CUP.

-

Non rexistrar e comprobar os datos da historia clínica, rexístralos na recepción ou non identificar convenientemente ao paciente (por nome e apelidos).

- Non recoller ou organizar os gabinetes e salas tras o seu uso.
- Dar o alta ou cita a un paciente sen supervisión por parte do docente responsable da atención.
- Ausentarse das prácticas sen unha xustificación e comunicación ao profesor responsable da práctica.
- Comer ou beber nas instalacións da CUP (só se permite na aula CPI ou cafetería).

- Non portar o cartón identificativo, indumentaria de prácticas (píxama e calzado sanitario branco), bolígrafo 4 cores ou lentes de protección.

- Non manter un aseo adecuado incluíndo non manter o pelo recolleito ou curto, as uñas cortadas e sen pintar así como portar colares, aneis, pendentes longos ou pulseiras.

- Calquera outro incumprimento das normas da CUP (<http://www.enfermeriaypodologia.com/podologia/cup/normas-cup/>).

Situacións especiais de avaliación 1) A cualificación de matrícula de honra: dado o seu carácter graciable, concederase automaticamente ao alumnado que obteña un 10 na cualificación media da materia. De darse o caso de que haxa máis alumnos/as con esa cualificación que matrículas se poidan outorgar pola cota oficial establecido, convocarase a todos os alumnos/as para a realización dunha proba específica de desempate, proba que consistirá en novo exame de características similares ás da proba obxectiva, exame que se fixará en data e hora de acordo cos interesados/as 3 días antes da data de actas.

En caso de non existir





ningún alumno/a con cualificación de 10, todo o alumnado que obteña unha cualificación media superior a 9.0, requisito básico para optar á matrícula de honra, poderán optar á matrícula de honra por acordo do conxunto de docentes da materia naqueles casos que, cumprindo o requisito mínimo, puidesen ser merecedores de matrícula pola aptitude e a actitude mostradas durante o desenvolvemento da materia.

2) Convocatorias de segunda e posteriores matrículas: Para aqueles alumnos/as que cursen a materia e realicen as prácticas obrigatorias de forma completa, poden volver cursar toda a materia novamente ou presentarse só a aquelas partes que non obtivesen unha cualificación mínima de 5 sobre 10. En caso de non realizar a totalidade das prácticas clínicas terá que cursar a totalidade da materia novamente.

3) Conservaranse de forma automática as cualificacións superadas de calquera das metodoloxías dentro das 2 oportunidades da mesma convocatoria.

4) Para os alumnos con matrícula parcial: poderán desenvolver a materia realizando os diferentes conceptos da materia en dous cursos, sempre realizando as prácticas, portafolio e exame do mesmo servizo no mesmo curso. Para iso contarase o primeiro curso en que se curse a materia coa cualificación de "Non presentado" e no segundo coa cualificación calculada de todos os conceptos no momento de realización dos mesmos. Deberán de solicitar e aprobarse esta modalidade de avaliación ao comezo do curso, en caso contrario avaliarase como na modalidade ordinaria

5) Convocatorias da oportunidade adiantada de avaliación : Para aqueles alumnos/as que solicitasen a oportunidade adiantada de avaliación, cumpran cos requisitos, concédaselle e cursen e superen as prácticas clínicas (cuxa cualificación suporá o 25% da materia), poderán presentarse á proba obxectiva de carácter práctico clínico cuxa cualificación suporá o 75% da cualificación da materia.

6) Non presentado: aqueles alumnos/as que asistan a menos do 70% das prácticas clínicas da materia a súa cualificación será automaticamente de "Non Presentado" (para calqueira das oportunidades do curso).



## Fontes de información

### Bibliografía básica

Tendo en conta que todos os contidos teórico-prácticos da titulación son relevantes para o exercicio profesional e, polo mesmo motivo, para as prácticas clínicas, as fontes de información básica e recomendadas por todas e cada unha das materias conforman as fontes de información, consulta e estudo durante a realización das prácticas clínicas comprendidas deste Prácticum. No entanto existen determinadas fontes documentais de gran utilidade para a súa consulta clínica diaria e que concretará o profesorado que supervise as prácticas clínicas dos diferentes servizos da CUP. A modo de exemplo citamos:-Buckup K. Pruebas clínicas para patología ósea, articular y muscular. 3ª ed. Barcelona: Elsevier; 2007.-Espinás Boquet J, Vilaseca Canals J. coordinadores. Guía Terapéutica en Atención Primaria (Basada en la selección razonada de medicamentos). 4ª ed. Barcelona: Sociedad Española de Medicina de Familia y Comunitaria; 2010.-Dockery GL. Cutaneous disorders of the lower extremity. 1ª ed. Philadelphia: Saunders; 1997.-Muñoz Calvo B et al, comité editorial. Cliniguía, actualización de diagnóstico y terapéutica. 7ªed. España: EvieScience; 2012.-Straus SE, Scoot Richardson W, Glasziou P, Haynes RB. Medicina Basada en la evidencia. 3ªed. Madrid: Elsevier; 2006.-Tixa S. Atlas de anatomía palpatoria: tomo 2 miembro inferior. 2ª ed. Barcelona: Masson; 2006. -Villa LF. Coordinación. Medimecum, guía de terapia farmacológica. 15ª ed. España: Luis F Villa Alcazar; 2010.

### Bibliografía complementaria

## Recomendacións

### Materias que se recomenda ter cursado previamente

Anatomía humana xeral/750G02001  
Anatomía específica do membro inferior/750G02002  
Fisioloxía xeral/750G02003  
Fisioloxía de sistemas/750G02004  
Bioloxía/750G02005  
Psicoloxía/750G02006  
Microbioloxía e parasitoloxía/750G02007  
Patoloxía xeral/750G02008  
Farmacoloxía/750G02009  
Sistemas de Información e Comunicación en Ciencias da Saude/750G02010  
Método científico e Saude Pública/750G02011  
Podoloxía xeral/750G02012  
Biomecánica do membro inferior/750G02013  
Radiodiagnóstico e Radioprotección/750G02014  
Podoloxía Preventiva/750G02015  
Ortopodoloxía 1/750G02017  
Ortopodoloxía 2/750G02018  
Ortopodoloxía 3/750G02019  
Ortesiología dixital e calzadoterapia/750G02020  
Patoloxía Podolóxica 1/750G02021  
Patoloxía Podolóxica 2/750G02022  
Podoloxía Física/750G02023  
Dermatoloxía/750G02026  
Quiropodoloxía 1/750G02027  
Quiropodoloxía 2/750G02028  
Cirugía Podolóxica 1/750G02029  
Cirugía Podolóxica 2/750G02030  
Técnicas e procedementos en prevención da infección/750G02032  
Prácticum 1/750G02033

### Materias que se recomenda cursar simultaneamente



Terapéutica farmacolóxica/750G02024

Podoloxía Deportiva/750G02025

Pe de risco/750G02031

Prácticum 2/750G02034

Materias que continúan o temario

Observacións

Recoméndase ter coñecementos de inglés.

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías